

3 - Traballar cun emulador Android no noso computador.

Para rematar esta primeira parte do curso aprenderemos un proceso moi útil: empregar un emulador de Android.

En primeiro lugar debemos aprender o que é un emulador.

En poucas palabras un emulador é un programa informático ou *software* que permite executar unha aplicación nun sistema operativo para o que non está deseñado. E dicir: imos poder empregar, e o que é máis importante, probar, as *apps* que elaborem sen ter que pasar o proceso de instalalas nas nosas tabletas ou teléfonos.

Isto é unha vantaxe enorme xa que nos permitirá un aforro de tempo considerable.

Ao longo desta formación pretendemos que estes aspectos técnicos sexan o máis doado posible polo que imos empregar un emulador ONLINE. Non precisaremos instalar nin configurar nada.

O emulador online que escollemos é *Manymo* e podedes acceder a él desde esta ligazón:

<https://www.manymo.com/>



Lamentablemente este emulador *online* só esta disponible en lingua inglesa pero as opcións son moi boas.

1. Regístrandonos e accedendo

O **primeiro** que debemos facer ao entrar na ligazón e premer na esquina superior dereita no hiperligazón "**login**" onde accederedes a esta nova páxina. Nela teremos que crear un usuario. Non é preciso aportar ningún dato persoal contrastable excepto o noso enderezo electrónico. Deberá ser correcto xa que o sistema de Manymo enviaranos un correo de confirmación para activar a conta

Login

Credentials

 Remember Me

LOGIN

[Forgot your password?](#)

Sign Up

Account

 I agree to the [Terms of Service](#) and [Privacy Policy](#)

SIGN UP



Non esquezades activar a última opción para aceptar as súas condicións de emprego e política de privacidad
Unha vez feito isto Manymo enviaranos un correo electrónico no que deberemos con firmar que o recibimos e xa estaremos listos para empezar a empregalo.



2. Subindo a app e executándoa

Unha vez que accedemos a plataforma apareceranos esta pantalla semellante a esta



Emulators

Launch With: [App](#) | [URL](#)

<p>1280x800 (160dpi)</p>  <p>LAUNCH</p>	<p>800x1280 (213dpi)</p>  <p>LAUNCH</p>	<p>1024x600 (160dpi)</p>  <p>LAUNCH</p>
<p>720x1280 (320dpi)</p>  <p>LAUNCH</p>	<p>540x960 (240dpi)</p>  <p>LAUNCH</p>	<p>600x800 (240dpi)</p>  <p>LAUNCH</p>



Cando abramos dita páxina non só nos aparecerán estes dispositivos senón que teremos moitos máis.

Cada unha destas iconas representa unha configuración dun dispositivo móbil ordenados por tamaño de pantalla na que 1280x800 e ó máis grande e 240x320 o máis pequeno.

Recomendamos que nos vindeiros pasos escollades un dispositivo de tamaño pequeno, así o voso computador non terá que facer un esforzo moi grande para “emular” o S.O. Android.

Nesta páxina debemos premer na esquina superior dereita en “Launch with: app” (*launch with* traduciríase en galego como “lanzar/cargar con”) e apareceranos esta nova páxina



Upload App

APK

Browse

CONTINUE

Debemos engadir a *app* que desexemos premando en *browse* e buscando no ordenador o arquivo resultante do noso futuro traballo.

Nota: As *apps* listas para executar terán a extensión “.apk”

Unha vez subida a *app* apareceranos de novo a pantalla inicial para escoller o dispositivo. Tan só teremos que premer no que desexemos que se cargue a *app* e comezará a executarse como se dun móbil ou tableta se tratase.

